

BASES CAMPAÑA NADAL 2018

1. A ABE organiza a campaña de promoción comercial de Nadal co obxectivo de premiar aos clientes que realicen as súas compras nos comercios asociados durante estas datas.
2. A campaña desenvólvese dende o 11 de decembro ata o 5 de xaneiro e sortearanse 2.000 € en vales de compra repartidos en 8 premios de 250 €. Os vales de compra soamente se poden utilizar para mercar nos comercios participantes sen posibilidade de cambiarse por cartos nin de facer devolucións de efectivo.
3. Os comercios participantes recibirán 1.000 boletos iniciais podendo mercar a maiores en lotes de 500. Deberán entregar gratuitamente os boletos entre os seus clientes a razón de como mínimo 1 por cada 10 € de compra. Aqueles comercios que pola súa singularidade realicen vendas de importe pequeno poden dar boletos por menos importe que o mencionado.
4. Adicionalmente a ABE realizará un sorteo dunha consola Nintendo Ds (ou similar) entre os cativ@s que escriban a súa carta aos Reis Magos e a depositen nas urnas que hai colocadas nos comercios. Pódense utilizar as que a ABE pon a disposición dos clientes nos comercios participantes ou unha orixinal. A carta debe conter nome e idade do nen@, nome do titor e teléfono de contacto. **Para que o premiado recolla a consola debe presentar o DNI do pai/nai/titor do menor.**
5. Os boletos serán numerados e o sorteo realizarase o xoves 10 de xaneiro ás 12:00 horas na sede da ABE polo método de extracción aleatoria a través dun programa informático. Nesta data tamén se realizará o sorteo da consola entre as cartas que cumpran con requisitos establecidos no punto 4 polo método de extracción.
6. Extraeranse 8 números gañadores dos premios de 250 €.
7. Tamén se extraerán 8 números que actuarán como suplentes. **Tanto os premiados coma os suplentes teñen de prazo ata o luns 21 de xaneiro ás 12:00 horas para pasar polas oficinas da ABE para identificarse co seu DNI e presentar os boletos.**
8. Ós premiados cando pasen polas oficinas co boleto e o dni faráselles entrega do premio correspondente, no caso dos suplentes deberán agardar ata despois do día 21 de xaneiro, **prazo a partir do cal os premios pasarán para ós suplentes que previamente haxan pasado polas oficinas da ABE para identificarse. Os premios aos suplentes entregaranse na orde que resultara no sorteo.**
9. Os premiados teñen ata o 28 de febreiro para utilizar os vales de compra e os comerciantes ata o 29 de marzo para canxealos nas oficinas da ABE.
10. As bases e a relación de premiados farase pública na páxina web da ABE www.abe.gal nas redes sociais e nos comercios participantes.
11. A participación na campaña supón a aceptación das bases así como a autorización dos premiados a utilizar a súa imaxe aos efectos de publicidade dos resultados da campaña.
12. A organización reservase o dereito de modificar as presentes bases, sen incorrer en ningunha responsabilidade, previa comunicación ao servizo de Xogo da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia.